

CAMPAÑA DE ESQUI 2014

A Deputación da Coruña porá en marcha este ano unha campaña na estación de San Isidro, na provincia de León, para que ata un máximo de 500 rapaces da provincia de entre 10 e 13 anos poidan gozar dunha fin de semana de estadia na neve.

O Concello de Ferrol, manifestou o seu interese en participar no programa e o **número de prazas concedidas foi de 31**. No caso en que haxa máis demanda que oferta, igual que sucede nas convocatorias dos campamentos de verán, farase un sorteo público entre todos os solicitantes. As solicitudes deberán presentarse nos concellos, que serán os que remitirán finalmente os nomes dos participantes á Deputación

O Prazo de presentación de solicitudes comezará o **martes 21 de xaneiro e finalizará o martes 28 de xaneiro as 14:00 horas**. As solicitudes serán presentadas no rexistro xeral do Concello.

A documentación requerida é a seguinte:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titores legais. (anexo a este documento)
- Xustificante de empadramento no Concello de Ferrol do neno/a.
- Foto tipo carné
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Carné de identidade ou fotocopia do libro de familia.
- No suposto de que o neno/a tivera que ter un tratamento específico ou doenza que haxa que ter en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE:** Facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.
- Cópia do aboamento da cota de inscrición. (Posterior a confirmación da praza por parte do concello. No caso de non presentalo no periodo requirido, perderase o dereito a participacion no programa e chamarase os nenos/as da lista de espera). **O importe da citada cuota de inscricion é de 36€**

A quenda que lle corresponde ao noso Concello é a 1º, correspondente a fin de semana do 14/02/2014 ó 16/02/2014 (salvo modificación por parte da Deputación da Coruña, organizadora e promotora da actividade).